

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: Bergondo

COMARCA: As Mariñas – A Coruña

DATA: 17 de abril

LUGAR DE REALIZACIÓN: Bar O Carro, Guísamo (Bergondo)

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) : 11

NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 8

NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: tod@s

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSOAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Pura Ferreño Saia

Representante Consello Nacional: Cristina López Sánchez

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON: Todas

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 1 hora 40 min

METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.):
clásica

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO
TRANSCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha
assemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.) Valorámola
moi positivamente. Moi participativa, asistencia de moitas persoas simpatizantes
e moitas ganas de participar.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)

CON CARÁCTER XERAL

Os problemas dos nacionalismos non afectan só ao nacionalismo galego senón tamén en Euskadi e, en menor medida, en Cataluña. Voto a Podemos como voto útil.

Discurso máis duro (Marxismo) e máis de esquerdas. Discurso máis radical nos concellos.

Paso polos gobernos. Houbo erros e acertos. Poñer en valor a nosa actuación nos gobernos.

División do nacionalismo. O beneficio do traballo anterior do BNG foi para os que marcharon e aos que quedamos no BNG percíbese nos como os culpábeis da división.

Problema de liderazgo. Falta de referentes. Facer cousas que chamen a atención.

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

Cada vez maior influencia dos medios de comunicación. Prensa por internet.

Cada vez hai menos poboación no rural e máis peso demográfico nas cidades. Sen embargo, o BNG cada vez ten máis problemas nas cidades ao revés do que acontecía nos 90.

Cada vez hai menos “cultura política”. A xente en xeral ten moi pouco coñecemento das alternativas políticas e votan as persoas.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

Evitar a imaxe de muleta do PSOE. Reforzar o discurso da esquerda.

Erro no cambio de siglas a Nós. Moi pouco tempo para popularizalo. Pecamos de “pardillos” nas negociacións de Iniciativa pola Unión.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

Centrarse menos nas redes sociais, relativizar a súa importancia. Até que punto se chega a un compromiso a través das redes sociais?

Coordinación dos Concellos entre sí.

A forza do nacionalismo noutros ámbitos como o sindical non conseguimos que se traslade ao nacionalismo político.